Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2020

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. A magnitude da caída do PIB experimentada no primeiro semestre de 2020 revela a dimensión do shock que estamos a vivir e viremos por mor do COVID-19. Se ben a partires do terceiro trimestre agárdase unha mellora das cifras, o agravamento dos rebrotes e as novas restricións e paralización forzada dalgunhas actividades está tendo un efecto negativo nas rendas e un deterioro das expectativas, retrasándose a volta a situación pre-crise.

2. A economía galega sufriu unha caída interanual do PIB do 3,6% no primeiro trimestre e 17,9% no segundo. Ao igual que aconteceu en crises anteriores, este impacto inicial é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (-4,2% no primeiro e -21,5% no segundo trimestre), se ben a recuperación posterior ás crises foi ata o de agora moito máis lenta que na economía española. Con todo, cómpre destacar que esta caída da actividade económica é superior á experimentada pola UE-27 e o conxunto dos países da zona euro.

3. Dende o lado da demanda e centrado xa no segundo trimestre, o diferencial coa media estatal explícase pola achega positiva da demanda externa ao PIB, ao contribuír con 2,9 puntos porcentuais (1,9 no primeiro trimestre) a diferenza do acontecido en España, onde detrae 2,7 puntos no último trimestre. O cadro macroeconómico reflicte que no segundo trimestre as exportacións galegas reducíronse un 19,9% (30,4% se se consideran só as vendas fóra de España) e as importacións un 23,4% (40,4% só as compras exteriores). En España, as exportacións totais reducíronse un 38,1% e as importacións un 33,5%.

4. Polo lado da oferta, a menor exposición de Galicia aos sectores máis afectados polas restricións da mobilidade, como o comercio e hostalería ou as actividades englobadas dentro das artísticas, recreativas e outros servizos, xunto co peso de sectores como a industria agroalimentaria explicarían o devandito diferencial. No segundo trimestre do ano redúcense un 38,3% fronte aos 44,9% no caso de España, e as actividades artísticas e recreativas un 34,4% fronte aos 37,6% no conxunto do Estado.

5. No primeiro semestre do ano rexístrase unha acusada caída do peso relativo das actividades de comercio, transporte e hostalaría, que no cuarto trimestre de 2019 representaba o 23,7% do veb galego, máis de seis puntos por riba do estimado no segundo trimestre de 2020. Ao mesmo tempo, descende o peso relativo da industria manufactureira (13,1% e 11,4%, respectivamente), manténdose relativamente constante o peso da construción (7,7% e 7,4%, respectivamente). Por contra, aumenta en máis de catro puntos porcentuais a importancia relativa da administración pública, sanidade e educación, que supuña o 18,9% no último trimestre de 2019. O sector primario presenta un incremento nun punto porcentual, de 5,1% e 6,1%.

6. No que atinxe ao mercado laboral, cómpre resaltar que o axuste do emprego afectou en maior medida ás persoas máis vulnerables, como os asalariados temporais (-19,6%), os traballadores con contratos a tempo parcial (-12,3%), os máis novos (-21,2% entre as persoas de 16 a 24 anos) e os que posúen menor nivel educativo: 22,8% no caso das persoas con estudios primarios ou menos. A poboación ocupada ascende no segundo trimestre a 1.050.400

persoas, un 4,4% menos que no ano anterior, dos que 120.500 persoas atopábanse en ERTE, o 11,5% da ocupación total. No conxunto do Estado o descenso foi do 6% e a porcentaxe de persoas en ERTE era do 18%.

7. Tomando como referencia o número de horas efectivamente traballadas, que reflicten mellor a magnitude do axuste, Galicia presenta unha redución do 25,9% no número medio de horas traballadas. A hostalería foi a que sufriu a maior caída, con 26,7 horas efectivas traballadas menos entre o segundo trimestre de 2020 e a mesma data do ano anterior, por diante das vendas e reparación de vehículos de motor e motocicletas, cunha redución de 15,7 horas, e o comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás vehículos de motor e motocicletas, con 13,8 horas menos. En termos porcentuais, as horas efectivamente traballadas no sector da hostalería reducíronse un 70,3%, sendo esta porcentaxe do 41,5% no comercio e reparación de vehículos de motor e motocicletas. Outros dous subsectores con descensos superiores ás 13 horas son a industria téxtil e a industria da madeira, papel e mobles, cunha caída en torno ás 13,5 horas (máis do 37%).

8. Galicia e o norte de Portugal experimentaron melloras nos indicadores do esforzo investidor e emprego a tempo completo en actividades de I+D, se ben nos últimos anos estes avances son moito máis notables no norte de Portugal, abríndose unha brecha importante entre as dúas rexións. Asemade, en 15 dos 17 indicadores do índice rexional de innovación a rexión norte de Portugal presenta unha mellor posición relativa.

9. No último ano, Galicia forma parte das denominadas rexións innovadoras moderadas, mentres que rexión norte de Portugal está considerada como innovadora forte. En ambos os dous casos están englobadas no terzo inferior dese grupo. Galicia destaca en positivo no ámbito da educación superior sendo os principais aspectos fortes do norte de Portugal os relativos ao número de pemes innovadoras así como a xeración de innovación que non sexa I+D, e máis en concreto da innovación en produtos e procesos, e o concernente ao número de solicitudes de marcas e deseño.

10. Á forte implantación social do fútbol como deporte de masas, hai que engadir a súa crecente dimensión económica, que sitúa a este deporte profesional como un dos sectores máis potentes da industria do entretemento. Galicia non é allea a esta realidade e conta con varias empresas que conforman un sector económico en auxe que mostra un gran dinamismo. Avaliar a súa relevancia esixe mirar máis aló do valor das magnitudes coas que tradicionalmente se mide o peso dunha empresa ou dun sector nunha economía. Estas firmas non son meras "fábricas de entretemento", senón que constitúen un activo con efectos socioeconómicos significativos para as súas cidades de referencia. De feito, cando unha cidade conta cun equipo cunha traxectoria destacada nun deporte con forte implantación social, como é o caso do fútbol en Galicia, ese equipo adoita ocupar un lugar importante nas vidas dos cidadáns, e iso aínda que a maioría non asista aos partidos. Así, os éxitos deportivos do club impulsan a proxección externa da cidade, a reforzar o orgullo de pertenza a unha comunidade, a desenvolver a conciencia de identidade local ou a aumentar a autoestima colectiva (orgullo cívico).

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

II- A I+D+i NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.
UNHA PANORÁMICA

III- COMENTARIO
. O fútbol profesional en Galicia:
Un sector económico en auxe
Autor: José Manuel Sánchez Santos

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Outubro de 2020

I- ANÁLISE DE CONTAS

1- CONTAS ECONÓMICAS: ACTIVIDADE ECONÓMICA E EMPREGO NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2020.

O impacto da crise orixinada pola pandemia do COVID-19 no primeiro semestre do ano está sendo moito máis intenso do previsto nas primeiras análises, revelando o verdadeiro choque que está a xerar a pandemia. No último informe de conxuntura do Foro afirmábase que habería que esperar a ter os datos do primeiro semestre do ano para comezar a ver as repercusións desta crise sanitaria, se ben, na liña da maioría dos estudos realizados, estimaba que a caída máis brusca se produciría no segundo trimestre do ano, iniciándose a partir dese momento un rebote de intensidade inferior á contracción da actividade.

As medidas decretadas para a contención do virus están a ter un impacto inédito na economía e na sociedade. Os datos das contas económicas e da EPA correspondentes ao segundo trimestre do ano confirman a tendencia contractiva da actividade económica e do emprego, que se caracteriza pola súa forte intensidade e o seu impacto heteroxéneo segundo territorios e ramas de actividade.

A pesares de que a orixe das crises de 2008 e 2019 é totalmente diferente, o impacto económico está a ser moito máis intenso tanto no que atinxe á contracción da actividade económica e o emprego. Ao mesmo tempo, cómpre resaltar que os impactos iniciais en ambas as dúas crises na economía e na sociedade galega están a ser menos acusados que no conxunto de España.

Tras o inicio da crise, Galicia experimentou unha forte contracción da actividade económica e do emprego. No que á caída do PIB, o impacto inicial da mesma é inferior ao estimado para o conxunto do Estado, o que se podería explicar pola diferente estrutura produtiva, menos dependente das actividades máis afectadas polas restricións de mobilidade ou polo peso da industria agroalimentaria, e polo lado da demanda, por un mellor comportamento do sector exterior, incluído nel o resto de España. No caso do mercado laboral, cómpre salientar que o axuste do emprego afectou en maior medida ás persoas máis vulnerables, como os asalariados temporais, os traballadores con contratos a tempo parcial, os máis novos e os que posúen menor nivel educativo.

1- ACTIVIDADE ECONÓMICA

A aprobación do estado de alarma o 14 de marzo, que levou de seu a limitación da liberdade de circulación de persoas e medidas de contención no ámbito comercial, equipamentos culturais establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, incide xa de maneira importante na contracción do PIB galego no primeiro trimestre do ano, que presenta unha caída interanual do 3,6%. Tras as medidas aprobadas posteriormente para conter a expansión do COVID, a actividade económica galega sofre unha caída interanual do 17,9% no segundo trimestre. No eido da Unión Europea só España, Francia e Italia presentan caídas do PIB superiores á galega. No conxunto da Unión Europea (UE-27) o descenso interanual do PIB no segundo trimestre foi do 13,9% e na zona euro do 14,7%, cando no primeiro trimestre a actividade económica contráese un 2,7% e 3,2%, respectivamente. Como se reflicte no gráfico, entre as principais economías cómpre resaltar que a economía alemá contraese un 11,3% no segundo trimestre fronte ao 18,9% de Francia (Italia un 18%).

Se a comparación se realiza co conxunto de España, Galicia presenta un mellor comportamento nos últimos tres trimestres. Se o ano 2019 remata cun crece-

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2020. Taxas de variación interanual



	I	II	III	IV	I	II
	2019				2020	
Zona euro	1,5	1,2	1,4	1,0	-3,2	-14,7
UE-27	1,7	1,5	1,6	1,2	-2,7	-13,9
Alemaña	1,1	0,1	0,8	0,4	-2,2	-11,3
Francia	1,8	1,8	1,6	0,8	-5,7	-18,9
Portugal	2,5	2,2	2,0	2,3	-2,3	-16,3

Fonte: Eurostat

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2020
Taxa de variación interanual



Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2020
Taxa de variación intertrimestral



Fonte: IGE e INE

mento interanual do 1,8%, o impacto da crise sanitaria provoca unha caída do PIB do 3,6% no primeiro trimestre do ano, seis décimas menos que no conxunto do Estado, en tanto que no segundo trimestre, a contracción da actividade económica foi do 17,9% en Galicia fronte ao 21,5% en España. A análise da evolución

do PIB en termos intertrimestrais reflicten tamén reflicte tamén que o impacto do COVID-19 na actividade económica no primeiro semestre do ano é lixeiramente menos negativo en Galicia, con caídas do 4,9% no primeiro trimestre do ano en relación ao trimestre anterior e do 14,5% no segundo.

Se se compara o impacto da crisis económica de 2008 e a de 2019, cómpre resaltar que o impacto do COVID-19 é significativamente superior. Se se toma como referencia o valor máis elevado do PIB antes das crises, Galicia presenta un impacto inicial inferior ao rexistrado en España, se ben a recuperación posterior na crise económica de 2008 foi máis rápida no Estado. Galicia acadou o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018, dez anos máis tarde, en tanto que a economía española acadouno no cuarto trimestre de 2016, cae nove anos máis tarde (35 trimestres).

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo antes da crise 2008 e 2020



Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

A crise orixinada pola pandemia do coronavirus tradúcese nunha forte contracción da demanda interna no primeiro semestre do ano, sendo esta máis acusada na economía galega que na española. No primeiro trimestre do ano a demanda interna detrae 5,5 puntos porcentuais ao PIB en Galicia mentres que no segundo trimestre detrae 20,8 puntos. No conxunto do Estado a demanda interna presenta unha achega negativa de 3,9 puntos porcentuais no primeiro trimestre, detraendo

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2020



Fonte: IGE e INE

18,8 puntos no segundo. Por contra, e ao contrario do que acontece na economía española, a demanda externa presenta unha achega positiva en Galicia de 1,9 puntos no primeiro trimestre do ano e de 2,9 no segundo (detrae 0,2 e 2,7 puntos en España no primeiro e segundo trimestre do ano, respectivamente).

Entre os compoñentes da demanda interna, Galicia presenta unha contracción do consumo privado e do investimento tanto no primeiro como no segundo trimestre. Entre abril e xuño deste ano, o gasto das familias redúcese un 25,3% (-8,1% no primeiro trimestre) e o investimento o fai nun 24,7% (-7,2%), o que re-

Cadro macroeconómico de Galicia 2018-2020. Taxas de variación interanual.

%

	2018	2019	2019/I	2019/II	2019/III	2019/IV	2020/I	2020/II
Produto Interior Bruto	2,2	1,8	1,9	1,7	1,7	1,8	-3,6	-17,9
Demanda								
Gasto en consumo final	2,6	3,0	2,1	3,3	3,4	3,0	-4,9	-18,9
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	,31	3,3	3,0	3,3	3,4	3,3	-8,1	-25,3
AA. Públicas	1,3	1,9	-0,8	3,1	3,4	2,1	5,2	1,3
Formación Bruta de Capital	4,9	2,7	4,6	3,5	3,1	-0,4	-7,2	-24,7
Achega demanda interna ao PIB	3,0	3,0	2,6	3,4	3,5	2,5	-5,5	-20,8
Exportacións	3,1	-0,4	0,0	-5,4	1,7	2,3	-2,5	-19,9
Importacións	4,5	1,8	1,2	-2,1	4,7	3,6	-5,6	-23,4
Achega demanda externa ao PIB	-0,8	-1,2	-0,7	-1,7	-1,8	-0,7	1,9	2,9
Oferta								
Sector primario	-1,9	0,2	0,1	0,1	0,5	-0,1	-1,3	-2,0
Industria	3,8	-1,3	-2,3	-2,4	-0,8	0,2	-0,3	-19,7
Industria manufactureira	3,3	0,9	-0,9	-1,0	2,8	2,7	-1,0	-25,2
Construción	4,6	2,6	4,9	3,3	1,8	0,6	-5,3	-23,2
Servizos	1,9	2,7	3,1	2,5	2,5	2,6	-3,3	-16,5
Comercio, transporte e hostalería	2,2	3,4	4,3	3,2	3,6	2,8	-9,5	-38,3
Información e comunicacións	2,9	0,4	0,9	-1,1	0,4	1,4	3,6	-6,0
Actividades financeiras e de seguros	3,6	6,1	6,7	4,5	4,6	8,3	3,5	6,9
Actividades inmobiliarias	1,1	1,2	1,1	1,1	1,2	1,5	0,2	-0,5
Actividades profesionais	4,0	2,8	4,8	2,7	1,9	2,0	-6,0	-23,9
Administración pública, sanidade e educación	1,0	2,7	1,6	4,3	2,9	2,0	1,9	-1,3
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,7	0,7	1,3	0,9	-0,1	0,6	-5,7	-34,4

Fonte: IGE

presentan os descensos máis acusados dende o ano 1995 (serie publicada). Por contra, o gasto en consumo das administracións públicas medra un 1,3% no segundo trimestre (5,2% no primeiro).

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, o gasto en consumo final, por mor da evolución do gasto público, presenta en Galicia un descenso lixeiramente máis acusado que en España, a diferencia do que acontece co investimento. Dunha banda, o gasto en consumo final en España descende no último trimestre un 17,8% respecto ao mesmo período do ano anterior, máis dun punto por riba do que acontece na economía galega. Mentres que o consumo dos fogares presentan unha caída similar, o consumo público crece en España un 3,1% no último trimestre fronte ao 1,3% de Galicia. Doutra banda, o investimento presenta en España unha taxa de variación interanual do -25,4%, sete décimas superior ao rexistrado na economía galega.

No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte a súa achega positiva ao crecemento agregado do PIB nos dous primeiros trimestres de 2020 ao contrario do acontecido no Estado. No segundo trimestre de 2020 a demanda externa achega 2,9 puntos ao PIB (1,9 puntos no trimestre anterior), cando no conxunto do Estado detrae no último trimestre 2,7 puntos (dúas décimas no primeiro trimestre). No

PIB real en Galicia e España 2º trimestre 2020. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

último trimestre as exportacións reducíronse en Galicia case un 20% en relación ao ano anterior, en tanto que as compras fóra de Galicia o fixeron nun 23,4%. Por contra, no conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha caída do 38,1%, fronte ao descenso do 23,4% experimentado polas importacións. Este diferencial no comportamento do sector exterior contribuirá, entre outros factores, a que o impacto da crise do COVID-19 sexa algo menor en Galicia que no conxunto de España.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas entre abril e xuño presenta unha contracción do 30,4% respecto ao ano anterior, motivado en boa medida pola caída nun 56,1% nas vendas exteriores do sector do manufacturas de consumo (923,1 millóns de euros) e do 44,1% no caso dos bens de equipo (345,1 millóns de euros menos). No segundo trimestre do ano as exportacións acadan un valor de 3.728,9 millóns de euros, o que representa o 28,5% do PIB galego, dez puntos menos que ao comezo desta crise de saúde pública (32,2% no primeiro trimestre do ano). A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 6,8%, porcentaxe sensiblemente inferior ao rexistrado no cuarto trimestre de 2019 (8,2%). Tendo en conta que as importacións galegas, tras unha caída do 40,9% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadan no segundo trimestre un importe de 2.824,1 millóns de euros, o saldo positivo da balanza comercial galega aumenta ata os 904,9 millóns de euros (574 millóns no mesmo período do ano precedente).

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, o importe das vendas do sector do automóbil, influenciado polo mal comportamento do

Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección no segundo trimestre 2010-2020.



Fonte: ICEX

subsector de compoñentes, reduciuse un 5,2% respecto ao segundo trimestre do ano anterior, acadando os 788,3 millóns de euros. Doutra banda, o sector téxtil-confección, tras unha caída interanual superior ao 56%, vendeu ao exterior produtos por valor de 637 millóns de euros. O peso relativo destas dúas ramas de actividade nas exportacións galegas ao extranxeiro descende ata o 21,1% e 17,1% do total galego, respectivamente. En conxunto estes sectores concentran o 38,1% das exportacións galegas, a porcentaxe máis reducida dende 2011. Como se reflicte no gráfico seguinte, ambos sectores presentan una evolución dispar, xa que mentres o peso relativo do sector téxtil presenta unha caída de máis de dez puntos no peso relativo nas exportacións galegas, o sector do automóbil incrementa a súa importancia dende o 15,5% do segundo trimestre do ano anterior.

No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores no segundo trimestre de 2020, cómpre resaltar que no último trimestre redúcese de xeito significativo o saldo positivo do subsector téxtil-confección, ao acadar un superavit de 393,3 millóns de euros cando no mesmo período do ano anterior ascendía a 1.027,7 millóns. No caso do sector do automóbil, tras cinco anos consecutivos cun déficit na súa balanza comercial en 2020 acada un superávit de 222,7 millóns de euros (o déficit no ano anterior ascendía a 526,7 millóns de euros).

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial o a crisis orixinada pola pandemia do coronavirus incide en maior medida naqueles sectores máis afectados polas restricións de mobilidade e vinculados ao consumo, como a hostalería (aloxamentos e comidas), o comercio, fundamentalmente de vehículos de motor, e as actividades artísticas e recreativas. A menor exposición destes sectores na economía galega explica en parte que a caída do PIB galego no segundo trimestre sexa menor que no conxunto do Estado.

Tanto en Galicia como na economía española, o subsector de comercio, transporte e hostalería é o que presenta as maiores caídas do PIB, situándose no 44,9% en España fronte aos 38,3% en Galicia. A continuación situaríanse as actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cunha contracción do 37,6%, máis de tres puntos superior á

Produto Interior Bruto en Galicia e España no 2º trimestre de 2020: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



experimentada en Galicia (34,4%). Motivado en grande medida pola significativa caída da actividade de comercio transporte e hostalería, o sector servizos presenta no último trimestre unha taxa de variación interanual do -16,5% en Galicia (-3,3% no primeiro trimestre), porcentaxe que ascendía ata o -21,3% en España (-3,2% no primeiro trimestre).

Ao igual que acontece co sector servizos, tanto a industria considerada no seu conxunto (industria manufactureira, enerxía e industria extractiva) como a construción presentan en Galicia un mellor comportamento que en España. Dunha banda, o veb xerado polo sector industrial contráese un 19,7% no segundo trimestre, 4,1 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado, sendo esta caída superior no caso do subsector manufactureiro (25,2% y 27,3% en Galicia e España, respectivamente). Doutra banda, a construción rexistra unha taxa de variación interanual de -23,2% (-5,3 no trimestre anterior), sendo esta porcentaxe do -27,5% na economía española (-6,6% entre xaneiro e marzo).

Por último, o sector primario presenta un comportamento desigual en Galicia e España. Mentres que na Comunidade Autónoma o veb contráese un 2% no segundo trimestre, no conxunto do Estado aumenta un 6,3%.

Tras esta evolución, o 23,1% do veb xerado en Galicia corresponde ás actividades das administracións públicas, sanidade e educación, seguido polo subsector de comercio, transporte e hostalería, cun 17,5%, e da industria manufactureira, co 11,4%. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, xeran o 5,8% do veb galego.

Como se aprecia na figura seguinte, dende o comezo da crise orixinada pola pandemia do coronavirus rexístrase unha acusada caída do peso relativo das actividades de comercio, transporte e hostalaría, que no cuarto trimestre de 2019 representaba o 23,7% do veb galego, máis de seis puntos por riba do estimado no segundo trimestre de 2020. Por contra, aumenta en máis de catro puntos porcentuais a importancia relativa da administración pública, sanidade e educación, que supuña o 18,9% no último trimestre de 2019. Ao igual que acontece coa actividades vinculadas ao comercio e hostalería, entre os dous trimestres considerados descende o peso da industria manufactureira, que no derradeiro trimestre de 2019 supuña o 13,1% do veb. Asemade a construción mantén relativamente estable o seu peso relativo (7,7% no cuarto trimestre de 2019 e 7,4% no segundo trimestre de 2020), aumentando un punto porcentual o do sector primario (5,1% e 6,1%, respectivamente).

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

2. Emprego

Os datos da Enquisa de Poboación Activa reflicten que no segundo trimestre do ano Galicia contaba con 1.050.400 persoas ocupadas, o que supón unha redución interanual do 4,4% (equivalente a 48.400 persoas). Este acusado descenso contrasta co incremento do 0,3% experimentado no trimestre anterior. Para o conxunto do Estado, a destrución de emprego no segundo trimestre do ano foi do 6% respecto ao ano anterior, cando no primeiro trimestre a ocupación medrara un 1,1%.

Evolución da poboación ocupada no segundo trimestre 2014-20. Taxa de variación interanual



Fonte: INE

Asemade, cómpre mencionar que no segundo trimestre do ano unha porcentaxe importante de traballadores estiveron afectados por expedientes de regulación de emprego (ERTE). Un total de 120.500 persoas ocupadas atopábanse en ERTE no segundo trimestre do ano en Galicia (9.600 no trimestre anterior), o que representa o 11,5% da ocupación total (0,9% no trimestre anterior). Esta porcentaxe é inferior á rexistrada en España, que supera o 18% (equivalente a 3,4 millóns de traballadores).

Como se aprecia no gráfico seguinte, na Comunidade autónoma a caída da poboación ocupada estimada pola EPA é similar á da crisis do ano 2008 e supera claramente as dúas anteriores (1976 e 1991). Non obstante, a devandita caída non reflicte o impacto total da crise sanitaria sobre o mercado de traballo xa que os traballadores acollidos a un ERTE seguen a ser

considerados como ocupados. Por contra, en España a destrución do emprego supera con creces a observada nos peores trimestres da crise sanitaria do COVID-19 así como das dúas últimas crises do século pasado.

Galicia. Variación do emprego dende o máximo antes da crise 1976, 1991, 2008 e 2020



(1) No gráfico recóllense tan só 52 trimestres para unha comparación máis clara coa evolución no gráfico correspondente ao conxunto do Estado. No caso do impacto da crise económica de 1976, o valor máis reducido acádase no 1 trimestre de 1997 (73,8 puntos), estando a punto de acadar o nivel precrise no terceiro trimestre de 2008 (99 puntos). Por contra, España recuperou o nivel de ocupación existente no terceiro trimestre de 1989, trece anos despois.

Fonte: Elaboración propia a partir de INE

A devandita caída da ocupación apréciase tamén nunha acusada caída do número medio de horas efectivamente traballadas por toda a poboación ocupada na semana de referencia. Entre o segundo trimestre de 2019 e 2020 Galicia experimenta unha redución de 25,4 horas, o que supón un descenso de case nove horas en relación ao mesmo período do ano anterior (25,9%). Entre os homes este descenso foi de 9,6 horas de traballo efectivo e de oito horas no caso das mulleres, o que supón unha redución do 26,3% e 25,1%, respectivamente.

O descenso da poboación ocupada segundo a EPA foi significativamente inferior

España. Variación do emprego dende o máximo antes da crise 1976, 1991, 2008 e 2020



Fonte: Elaboración propia a partir de INE

ao rexistrado nas afiliacións á Seguridade Social (35%) e nas contas económicas (22,5%). En España, as afiliacións contráense un 35,5% e o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo un 18,4%.

No concernente ás cifras totais da ocupación, a EPA reflicte que o axuste no emprego prodúcese en maior medida nas persoas máis vulnerables: asalariados con contratos temporais, os máis novos, traballadores a tempo parcial e con menores niveis educativos. Asemade, cómpre mencionar que a poboación ocupada descende tanto en homes como en mulleres, se ben en maior medida no caso das mulleres, e que o emprego redúcese no caso do emprego por conta propia e no caso do asalariados no sector privado.

Dunha banda, por cuarto trimestre consecutivo prodúcese un descenso da ocupación entre as mulleres, que no segundo trimestre de 2020 se sitúa no 5,2%, máis do dobre do estimado no primeiro trimestre (2,3%). Este descenso foi superior ao experimentado no último trimestre entre os homes (3,7% menos). Atendendo á situación profesional dos ocupados, por terceiro trimestre consecutivo redúcese a ocupación por conta propia tanto dos empresarios sen asalariados como daqueles con traballadores, situándose esta caída no último trimestre no 9,0% e 8,4%, respectivamente. Atendendo ao tipo de contrato, os asalariados temporais concentraron as caídas do emprego, descendendo un 19,6% (-2,1% no trimestre anterior), aumentando por contra a ocupación entre aquelas persoas con contratos indefinidos. No concernente á duración da xornada de traballo, o emprego a tempo parcial descende un 12,3% no segundo trimestre

Poboación ocupada en Galicia 2019-2020. Taxas de variación interanual

Datos en %	2019				2020	
	I	II	III	IV	I	II
Poboación ocupada	2,8	2,1	0,8	0,8	0,3	-4,4
Homes	2,2	2,6	1,7	1,5	2,6	-3,7
Mulleres	3,6	1,6	-0,1	-0,2	-2,3	-5,2
16-24 anos	-3,9	4,9	9,3	7,3	14,8	-21,2
25-34 anos	0,6	-1,3	-1,8	-2,7	-5,1	-13,3
35-44 anos	1,0	0,9	-1,5	-1,6	-2,0	-5,2
45-54 anos	4,6	3,9	2,6	2,2	0,0	-2,6
Maiores 55 anos	6,6	4,3	2,8	4,2	6,6	5,5
Empregado por conta propia	-1,5	5,7	-0,1	-1,0	-2,1	-10,0
Empregador	-5,5	0,9	-7,8	-2,1	-1,4	-8,4
Empresario sen asalariados	2,5	7,4	4,0	-1,4	-2,4	-9,0
Membro dunha cooperativa	6,3	29,4	0,0	12,5	-11,8	-54,5
Axuda empresa familiar	-39,5	11,5	-3,4	28,9	2,2	-30,9
Empregado por conta allea	4,1	1,3	1,0	1,1	0,8	-3,0
Sector público	0,8	-5,1	-1,9	-0,9	-0,4	3,9
Sector privado	5,0	3,1	1,9	1,7	1,1	-4,8
Asalariado cont. Indefinido	5,2	1,5	0,1	1,2	1,8	3,1
Asalariado cont. Temporal	0,9	0,6	-3,6	0,9	-2,1	-19,6
Analfabeto ou estudios primarios	-31,1	-33,3	-28,8	-31,8	-19,0	-22,8
Ed. Secundaria. 1ª etapa	2,1	3,1	4,3	-0,2	-1,6	-4,5
Ed. Secundaria. 2ª etapa	8,3	5,2	-0,5	0,0	-1,4	-10,1
Ed. Superior	4,3	3,7	2,1	4,4	3,8	0,0
Xornada tempo completo	1,6	1,3	-0,2	0,6	1,2	-3,1
Xornada tempo parcial	11,2	7,2	7,7	1,4	-5,5	-12,3

Fonte: INE e IGE

do ano fronte á caída do 5,5% no trimestre anterior. Por último, cómpre resaltar a caída do 22,8% do emprego entre as persoas que teñen unha formación igual ou inferior a estudio primarios, manténdose estable no caso da educación superior (aumenta un 3,8% no trimestre anterior).

No que ao impacto asimétrico dende o punto de vista sectorial, os datos do número de horas traballadas por ramas de actividade reflicten mellor a magnitude do axuste do emprego no segundo trimestre (Banco de España, 2020). A pesar de que a destrución de emprego é practicamente xeneralizada -tan só o sector primario, por mor do comportamento do subsector agrario, mantén practicamente constante o número de horas efectivas traballadas-, cómpre resaltar o seu forte contraste segundo ramas de actividade, afectando en

moita maior medida a aqueles sectores máis relacionados coa mobilidade e os servizos dependentes do nivel de consumo.

A hostalería (CNAE 55-56) foi a que sufriu a maior caída, con 26,7 horas efectivas traballadas entre o segundo trimestre de 2020 e a mesma data do ano anterior, por diante das vendas e reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45), cunha redución de 15,7 horas, e o comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), con 13,8 horas menos.

Número medio de horas efectivas traballadas por toda a poboación ocupada (traballara ou non na semana de referencia) en Galicia. Distribución segundo rama de actividade no emprego principal.

	(número de horas)			Variación interanual	
	2019/II	2020/I	2020/II	2020/II	
				(horas)	(%)
Total	34,3	32,3	25,4	-8,9	-25,9%
Agricultura e pesca (01-03)	40,5	41,5	40,6	0,1	0,2%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura (01, 02)	43,7	46,3	47,1	3,4	7,8%
Pesca e acuicltura (03)	27,1	28,8	24,8	-2,3	-8,5%
Industrias extractivas (05-09)	39,9	38,1	30,1	-9,8	-24,6%
Industria manufactureira (10-33)	36,7	34,1	25,8	-10,9	-29,7%
Industria da alimentación, bebidas e tabaco (10-12)	36,9	35,4	30,3	-6,6	-17,9%
Industria téxtil do coiro e do calzado (13-15)	36,2	31,5	22,6	-13,6	-37,6%
Industria da madeira, papel e mobles (16, 17, 31)	36,3	33,0	22,8	-13,5	-37,2%
Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria (24-28)	36,8	34,5	25,6	-11,2	-30,4%
Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais (29, 30, 33)	36,3	33,3	23,8	-12,5	-34,4%
Resto da industria manufactureira (18-23,32)	37,3	34,5	24,2	-13,1	-35,1%
Resto da industria (05-09, 35-39)	36,2	35,0	32,0	-4,2	-11,6%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos (35-39)	34,6	33,9	32,8	-1,8	-5,2%
Construción (41-43)	37,2	32,6	24,8	-12,4	-33,3%
Construción (41-43)	37,2	32,6	24,8	-12,4	-33,3%
Servizos					
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas (45)	37,8	35,0	22,1	-15,7	-41,5%
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas (46)	38,2	34,8	24,4	-13,8	-36,1%
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas (47)	33,6	31,7	24,6	-9,0	-26,8%
Transporte e almacenamento (49-53)	34,2	34,0	26,0	-8,2	-24,0%
Hostalaria (55, 56)	38,0	31,0	11,3	-26,7	-70,3%
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (58-82)	33,3	32,2	29,0	-4,3	-12,9%
Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria (84)	32,5	29,7	28,0	-4,5	-13,8%
Educación (85)	29,7	28,9	26,5	-3,2	-10,8%
Actividades sanitarias (86)	32,9	33,4	28,5	-4,4	-13,4%
Asistencia en establecementos residenciais (87)	30,2	32,6	28,4	-1,8	-6,0%
Actividades de servizos sociais sen aloxamento(88)	27,0	30,3	19,8	-7,2	-26,7%
Resto de servizos (90-99)	27,9	24,3	16,2	-11,7	-41,9%

Fonte: IGE

Outros dous subsectores con descensos superiores ás 13 horas son a industria téxtil (CNAE 13-15) e a industria da madeira, papel e mobles (CNAE 16,17 e 31), con 13,6 e 13,5 horas menos, respectivamente.

En termos porcentuais, as horas efectivamente traballadas no sector da hostalería reducíronse un 70,3% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe do 41,5% no comercio e reparación de vehículos de motor e motocicletas. A redución do número de horas no caso da industria téxtil e da madeira superou o 37%. Tan só as ramas correspondentes á agricultura, gandería, caza e silvicultura (CNAE 01-02) presenta no segundo trimestre de 2020 un incremento interanual do número medio de horas efectivas traballadas do 7,8%, equivalente a 3,4 horas.

Tanto no caso dos homes como das mulleres a hostalería sitúase como a rama de actividade con maior descendo do número de medio de horas traballadas, cunha redución de 29,3 horas entre os homes (71,5% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior) e de 25,2 horas entre as mulleres (69,8%). A continuación, as maiores caídas entre as mulleres rexístranse no caso da industria da madeira e das vendas e reparación de vehículos (20,0 e 16,9 horas menos, respectivamente), en tanto que entre os homes sitúase a vende e reparación de vehículos e a industria téxtil (15,6 e 14,6 horas, respectivamente).

A partir de seis indicadores complementarios relacionados coa dinámica do mercado de traballo -taxas de actividade, afiliados á Seguridade Social, paro rexistrado, traballadores acollidos a ERTE, número de contratos asinados e o de contratos laborais-, Méndez R. (2000) elabora un índice de vulnerabilidade sociolaboral provincial. As catro provincias galegas presentan unha vulnerabilidade inferior ao promedio, incluíndose Ourense, e en menor medida Lugo, entre as provincias cun índice de vulnerabilidade considerado como moi baixo (-1,01 e -0,31 puntos, respectivamente), en tanto que os valores acadados por Pontevedra (-0,07) e A Coruña (-0,04) as sitúa como entre as provincias cunha vulnerabilidade media.

Esta diferencia entre as provincias galegas do interior e da costa pódese explicar en parte pola persistencia dunha agricultura intensiva e o comportamento da industria agroalimentaria, consideradas dentro das actividades esenciais. Como se aprecia no mapa, as provincias cunha vulnerabilidade moi alta son aquelas que presentan unha forte especialización nas actividades directamente vinculadas ao turismo (agás Álava, que ten unha forte presencia da industria aeronáutica e de compoñentes do automóbil, sectores moi ligados a cadeas de valor globais).

Ao igual que o devandito estudio de Méndez, que sinala a influencia da base produtiva preexistente en cada territorio (e tamén das decisións de política económica tomadas no pasado recente), o Banco de España menciona no seu último boletín estatístico (Banco de España, 2020) que a heteroxeneidade provincial no comportamento do emprego se explica, en grande medida, polas diferencias provinciais en cuanto á estrutura sectorial. Así, este último documento sinala que no mes de agosto o descenso interanual do emprego foi máis intenso naquelas provincias cun maior peso do comercio e a

Vulnerabilidade sociolaboral das provincias españolas fronte á crise sanitaria



(1) valores positivos reflicten unha vulnerabilidade máis alta que o promedio, tanto maior canto máis elevado é o índice, en tanto que os valores negativos significan unha vulnerabilidade menor.
Fonte: Méndez, R (2000)

hostalaría —fortemente afectados polas restricións á mobilidade durante o confinamento e cuxos niveis de actividade non se recuperara na mesma medida que noutras ramas produtivas—, así como do turismo estranxeiro.

A devandita caída do emprego non se trasladou coa mesma intensidade ao desemprego dado que boa parte das persoas que perderon o seu emprego pasaron a considerarse como inactivos tendo en conta as dificultades para buscar emprego por mor das medidas de confinamento. Coa crise sanitaria do COVID-19 o mercado de traballo galego racha a súa tendencia de descensos interanuais iniciada no segundo trimestre de 2014, presentando un incremento da poboación parada do 1,9% no primeiro trimestre do ano e un 1,5% no segundo. Tras esta evolución, a enquisa de poboación activa estima que a poboación parada en Galicia ascende

a 142.500 persoas, 2.100 máis que no ano anterior, do que 71.800 son homes e 70.700 mulleres.

Este lixeiro incremento do desemprego estimado na EPA contrasta co incremento do 14,5% do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia, situándose esta porcentaxe no 24% no conxunto do Estado (17,6% e 24,8% no primeiro trimestre). Se se compara o nivel de desemprego no segundo trimestre co anterior, a poboación parada reflectida na EPA descende un 9,1% en Galicia (-32,8% en España) e o paro rexistrado un 6,8% (-1,7%).

A incidencia do paro de longa duración redúcese ata o 28,1 % no segundo trimestre do ano, case doce puntos menos que no ano anterior (39,9%). O número de persoas nesta situación de desemprego redúcese no último trimestre un 28,4% respecto ao ano anterior para situarse nas 40.100 persoas (15.900 persoas menos).

A taxa de paro en Galicia situouse no 11,9% no segundo trimestre do ano, seis décimas por riba do estimado no mesmo período do ano anterior, ascendendo a taxa de para ata o 12,4% entre as mulleres (catro décimas por riba do nivel acadado en 2019) e o 11,5% entre os homes

Vulnerabilidade sociolaboral das provincias españolas fronte á crise sanitaria

Datos en %	2019				2020	
	I	II	III	IV	I	II
	(taxa de variación interanual %)					
Poboación parada	-17,5	-19,8	-6,2	-2,1	1,9	1,5
Homes	-14,9	-16,3	-11,5	-8,9	-7,2	4,2
Mulleres	-19,8	-23,1	-1,6	4,3	11,0	-1,0
Paro de longa duración	-30,8	-30,8	-10,4	-9,0	-7,5	-28,4
Taxa de paro	(porcentraxe de poboación activa; %)					
Total	12,5	11,3	11,5	11,7	12,6	11,9
Homes	12,1	10,7	9,8	10,3	11,1	11,5
Mulleres	12,8	12,0	13,3	13,3	14,3	12,4
Segundo nivel de estudios						
Estudios primarios	30,6	25,6	26,7	29,5	27,2	26,0
ESO. 1ª etapa	15,8	15,2	13,2	13,7	15,2	13,7
ESO. 2ª etapa	13,9	11,8	13,2	13,0	14,1	12,5
Educación superior	7,4	7,0	7,9	8,4	9,0	9,6
Segundo grupos de idade						
Menores de 25 anos	31,5	26,8	26,2	27,4	28,1	34,3
De 25 a 54 anos	12,1	10,9	10,9	11,2	12,5	11,8
Maiores de 55 anos	9,8	9,5	10,0	10,1	9,9	8,1
Segundo nacionalidade						
Española	11,9	10,8	10,7	11,0	12,0	11,3
Estranxeira	23,2	21,9	24,9	25,3	24,8	23,2

Fonte: IGE

(oito décimas máis). Por idades, os menores de 25 anos son os máis afectados polo incremento do desemprego, ascendendo a taxa de paro ata o 34,3% cando no ano anterior ascendía a 26,8%. A taxa de paro entre as persoas de 25 a 54 anos sitúase no 11,8% (10,9% no ano anterior) e entre os maiores de 55 anos descende ata o 8,1% no último trimestre (9,5% no segundo trimestre de 2019). Por nivel de estudos rematados, a taxa de paro descende a medida que aumenta o nivel formativo, situándose no 26% no caso das persoas con estudos primarios e no 9,6% entre aquelas con educación superior. Asemade, hai que mencionar que o incremento da taxa de paro prodúcese tanto entre aquelas persoas de nacionalidade española como estranxeira, se ben é máis acusado entre este últimos. No segundo trimestre de 2020, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española era do 11,3%, medio punto por riba do estimado no ano anterior, en tanto que entre os estranxeiros a taxa de desemprego situouse no 23,3%, 1,4 puntos porcentuais por riba do nivel do ano anterior.

Por último, no concernente á inactividade, a poboación inactiva galega medrou ata as 1.145,9 persoas, un 4,6% máis que no mesmo trimestre do ano anterior (descende lixeiramente nos dous trimestres anteriores), o que reduce a poboación activa un 3,7% respecto ao ano anterior, acadando as 1.192,9 persoas.

Atendendo ao seu vencello coa actividade, das 50.700 persoas inactivas máis coas que conta o mercado laboral galego, a meirande parte (44.200 persoas) corresponde a activos potenciais. No segundo trimestre de 2020, Galicia contaba con 65.700 persoas inactivas consideradas como activos potenciais fronte ás 24.800 do trimestre anterior.

REFERENCIA

Méndez, R. (2000) "Sitiados por la pandemia. Del colapso a la reconstrucción: apuntes geográficos", Editorial Revives

Banco de España (2000). "La evolución del empleo y del paro en el segundo trimestre de 2020, según la encuesta de población activa", Boletín Económico 3/2000. Dispoñible en https://www.bde.es/bde/es/secciones/informes/boletines/Boletin_economic/

2- A I+D+i na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Unha panorámica

A Investigación científica e tecnolóxica, o desenvolvemento e a innovación constitúen un factor clave na Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sustentable e integrador para a mellora da competitividade e a produtividade de Europa. Neste senso, cómpre mencionar que o Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal para o período 2014-20 establecía entre os seus once obxectivos os de potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación (mellora das infraestruturas de I+D; mellora da capacidade para desenvolver excelencia en materia de investigación e innovación; promoción do investimento empresarial en innovación; sinerxías e vínculos entre empresas, centros de I+D e ensino superior;...) e a mellora da competitividade das pemes. Neste marco é onde se encadran o Plan de Investimento conxunto da Eurorrexión Galicia-norte de Portugal (2014-2020) e a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3T) Transfronteiriza.

O obxectivo deste comentario é facer unha primeira aproximación á evolución recente dos principais indicadores da I+D e da innovación en Galicia e no norte de Portugal. Os datos correspondentes ao esforzo investidor e ao emprego a tempo completo en actividades de I+D reflicten os avances que se teñen producido en ambas as dúas rexións, se ben nos últimos anos estes son moito máis notables no norte de Portugal, abríndose unha brecha importante entre as dúas rexións. En 15 dos 17 indicadores do índice rexional de innovación a rexión norte de Portugal presenta unha mellor posición relativa.

No último ano Galicia forma parte das denominadas rexións innovadoras moderadas, e dentro destas dentro do terzo inferior, mentres que rexión norte de Portugal está considerada como innovadora forte, englobándose no terzo inferior deste grupo. Como aspectos positivos Galicia destaca no ámbito da educación superior (posto 55 de 238 rexións analizadas), sendo os principais aspectos fortes do norte de Portugal os relativos ao número de pemes innovadoras (posto 10), así como a xeración de innovación que non sexa I+D (posto 16), e máis en concreto da innovación en produtos e procesos (15), e o concernente ao número de solicitudes de marcas e deseño (19 e 25, respectivamente).

1- Contexto económico. Evolución do PIB

A actividade económica de Galicia e do norte de Portugal manteñen un ciclo económico similar dende o inicio da crise iniciada en 2008, se ben nos anos anteriores

Galicia presentaba taxas de crecemento interanuais significativamente superiores tanto ás rexistradas na Unión Europea e no conxunto dos países da zona euro como no norte de Portugal. Como se aprecia no gráfico da evolución do PIB dende o ano 2008, a saída da crise ten unha forma de W, acadando as caídas máis acusadas en 2009 e 2012, cunha contracción do PIB en Galicia do 4,1% e 3,1%, fronte ao 3,8% e 3,2% na rexión norte de Portugal.

Asemade, cómpre resaltar que as saídas de ambos os dous momentos da crise son máis acusadas na rexión portuguesa, que presenta unha medra interanual do 2,4% (0,5% en Galicia) así como taxas de crecemento superiores a partir de 2013 agás en 2015 e 2016.

Na análise da devandita evolución do PIB pódense considerar tres grandes subperíodos: antes de crise económica (2001-2008), a crise económica (2009-2013) e finalmente a recuperación económica (2014-2018). Antes da crise económica o comportamento da economía galega é máis positiva que á do norte de Portugal, cunha medra media anual do 3% en Galicia, dous puntos máis que na rexión norte de Portugal. Por contra, tanto na crise económica como na posterior recuperación a economía da devandita rexión portuguesa presenta unha evolución mellor que a galega. Dunha banda, entre os anos 2009 e 2013 o PIB presenta un descenso medio anual do 2,0% en Galicia, oito décimas por riba do rexistrado na rexión portuguesa. Doutra banda, dende o ano 2014 ata o 2018 o norte portugués medra un 2,7% fronte ao 2,4% no caso da economía galega.

Evolución do PIB real en Galicia, norte de Portugal, UE-27 e na zona euro 2001-2019. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, INE-Portugal e Eurostat

Taxas de crecemento medio anual do PIB real 2001-2019

(%)

	2001-2008	2009-2013	2014-2018	2019
UE-27	2,0	-0,2	2,2	1,5
Zona euro	1,8	-0,4	2,0	1,2
España	3,1	-1,8	2,7	1,9
Portugal	1,1	-1,6	2,1	2,1
Galicia (datos IGE)	3,0	-2,0	2,4	1,8
Norte Portugal (Dats INE-PT)	1,0	-1,2	2,7	

(1) Crecemento medio anual

Fonte: IGE, INE-Portugal e Eurostat

Por último, cómpre salientar que a forte contracción da actividade económica reflectiu o impacto da pandemia COVID-19, especialmente intensa nos dous primeiros meses do segundo trimestre. Tanto a economía española como a galega presentan nos dous primeiros trimestre do ano unha contracción superior tanto á experimentada pola UE-27 e o conxunto dos países da zona euro como á rexistrada en Portugal. No segundo trimestre do ano a economía española redúcese un 21,5% respecto ao mesmo período do ano anterior, sendo esta caída do 17,9% en Galicia e do 16,3% en Portugal. A taxa de variación interanual do PIB da Unión Europea é de -13,9% en tanto que na zona euro esta caída ascende ata o 14,7%. Tendo en conta o mellor comportamento da economía do norte de Portugal en relación ao conxunto do país, poderíase afirmar que no primeiro semestre do ano aumenta o diferencial da economía da rexión norte de Portugal respecto da economía galega.

No caso do investimento, medido en termos de formación bruta de capital fixo, o diferencial entre as taxas de variación interanual da economía galega e española respecto á de Portugal é máis acusado. Dunha banda, o investimento contráese no primeiro trimestre de 2020 un 7,2% en Galicia e un 5% no conxunto de España, mentres que en Portugal esta caída é tan só do 0,5%. No segundo trimestre, a caída do investimento sitúase en torno ao 25% en España e Galicia fronte ao 9% de Portugal, ascendendo esta contracción ata o 19,1% na Unión Europea.

PIB e investimento no primeiro semestre de 2020. Taxas de variación interanual

	PIB		Investimento	
	1º trim.	2º trim	1º trim	2º trim
UE-27	-2,6	-13,9	1,1	-19,1
Zona euro	-3,3	-14,7	1,2	-21,1
España	-4,1	-21,5	-5,0	-25,7
Portugal	-2,3	-16,3	-0,5	-9,0
Galicia (datos IGE)	-3,6	-17,9	-7,2	-24,7

(1) Investimento medido en termos de formación bruta de capital

Fonte: IGE e Eurostat

2- Gasto en actividades de Investigación e desenvolvemento (I+D)

A Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sustentable e integrador para a mellora da competitividade e a produtividade de Europa agrupa os obxectivos a acadar en 2020 en cinco grandes áreas: emprego, investigación e desenvolvemento, cambio climático e enerxía, educación e pobreza e exclusión social. No caso concreto da I+D, o indicador establecido foi o esforzo investidor, que se define como a relación entre o gasto en actividades de I+D e o PIB.

No ano 2018, último ano dispoñible, o gasto en actividades de I+D representaba o 0,94% del PIB galego, lonxe do obxectivo do 1,7% fixado para a Comunidade Autónoma en 2020. Como se aprecia no gráfico, este esforzo investidor non só está lonxe do rexistrado na UE-27 e na zona euro, que se sitúa en torno ao 2,20%, senón que tamén é case seis décimas inferior ao esforzo investidor da rexión norte de Portugal (1,53%). Para o conxunto de España e Portugal, este investimento representa o 1,24% e 1,36% do PIB, respectivamente.

Evolución do esforzo investidor 2000-2018 e valores do obxetivo 2020



Fonte: Eurostat

O esforzo investidor en Galicia acada o seu máximo no ano 2008, cun 1,0%, manténdose lixeiramente por baixo do 0,90% entre os anos 2013 e 2016. Por contra, na rexión norte de Portugal este cociente aumenta paulatinamente ata o ano 2011, cando se acada o 1,49% do PIB, reducíndose ata o 1,35% en 2015, aumentando a partir de entón ata os devanditos 1,53% do PIB. Non obstante, cómpre resaltar que todos os territorios considerados presentan uns valores inferiores aos obxectivos fixados para 2020.

No que atinxe ao gasto en actividades de I+D e a súa distribución segundo sector, cómpre resaltar o menor peso do gasto do sector empresarial en relación ao conxunto dos países da UE e da zona euro. Dunha banda, no ano 2017 dúas terceiras partes do gasto en I+D realizouno o sector privado fronte ao 53% na Eurorrexión. Do mesmo xeito, o peso do sector público (goberno) é superior na eurozona e na UE-27 que na Eurorrexión, situándose estas porcentaxes no 8,9% na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e no 12,7% e 12% nos países da eurozona e da UE-27, respectivamente. Doutra banda, o peso relativo do gasto das entidades do ensino superior é máis elevado na Eurorrexión que en Europa, acadando o 38,1% na Eurorrexión e o 21,8% na UE-27 (21,1% no conxunto de países da zona euro).

Comparando a situación existente en Galicia e no norte de Portugal, o gráfico que recolle a estrutura do gasto en actividades de I+D reflicte que no norte de Portugal tanto o sector privado como o de educación superior presentan unha importancia relativa superior á experimentada en Galicia. No último ano, o gasto do sector privado representa o 50,8% do gasto total en Galicia (54,3% no norte de Portugal) e o correspondente ao ensino superior un 34,3% (40,5% na rexión portuguesa). Por contra, destaca o elevado peso relativo do gasto público na comunidade autónoma, que case triplica o peso na rexión norte de Portugal (14,9% e 5,2%, respectivamente).

Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos, entre os anos 2008 e 2013 a distribución porcentual permanece practicamente estable no conxunto dos países da zona euro e da UE-27, descendendo e máis de cinco puntos a importancia relativa do gasto do sector privado na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (-5,1 puntos porcentuais) e aumentando en 4,7 puntos o gasto do sector de ensino superior. Non obstante, do gráfico anterior despréndese importantes diferenzas entre ambas as dúas rexións xa que mentres que o peso do gasto do sector empresarial redúcese en 8,7 puntos porcentuais no norte de Portugal, en Galicia esta redución é de tan só 2,3 puntos. Doutra banda, o incremento do peso do sector de ensino superior é de 7,3

puntos na rexión portuguesa fronte a tan só 0,7 puntos en Galicia.

Coa recuperación económica, tanto na Eurorrexión como na UE-27 a importancia relativa do sector privado aumenta en case tres puntos reducíndose o peso do ensino superior tanto na Eurorrexión como en Europa (4 e 1,4 puntos, respectivamente). Por contra, redúcese o peso do gasto gobernamental en Europa en tanto que medra na Eurorrexión (-1,5% e 1,1%, respectivamente). En Galicia o peso do sector privado aumenta en cinco puntos, reducíndose na mesma medida o gasto das entidades de ensino superior, mentres que na rexión norte de Portugal descende o peso do ensino superior (3,2 puntos) aumentando tanto o sector privado (1,7 puntos porcentuais) como o goberno (1,5 puntos porcentuais).

Estrutura porcentual do Gasto en actividades de I+D



Fonte: Eurostat

3- Emprego nas actividades de I+D

O número total de persoas empregadas a tempo completo en actividades de I+D en 2017 (último dato dispoñible en eurostat) na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ascende a 28.770 persoas, das que o 74% son investigadores, porcentaxe máis de dez puntos superior á da Unión Europea e ao conxunto de países da zona euro (63,5% e 61,7%, respectivamente). Como reflicte o cadro referente ao emprego, existe unha acusada diferenza entre as dúas rexións tendo en conta que no norte de Portugal esta porcentaxe ascende ata o 82% mentres que en Galicia se sitúa no 59,7%.

Atendendo á evolución dende o inicio da crise económica, a rexión norte de Portugal presenta un mellor comportamento tanto no período da crise como na recuperación económica. Mentres que entre 2008 e 2013 a ocupación a tempo completo medra no norte de Portugal un 20,2%, case dez puntos máis que a media comunitaria, Galicia presenta unha caída do 3% entre eses dous anos. Dende a saída da crise, a ocupación aumenta tan só un 9,4% en Galicia fronte ao 24,1% na rexión Norte de Portugal. Esta brecha entre ambas as dúas rexións é máis acusada no caso dos investigadores, tendo en conta que en Galicia a número de investigadores redúcese un 6,4% entre os anos 2008 e 2013 a diferenza do que acontece en Portugal, cunha medra do 13%, en tanto que na recuperación económica o incremento na Comunidade autónoma é do 13,5% fronte ao 27,6% na rexión norte de Portugal.

Emprego a tempo completo en actividades I+D.

	2003		2008		2013		2017	
	Total	(% investigadores)	Total	(% investigadores)	Total	(% investigadores)	Total	(% investigadores)
Galicia	7.413	65,2%	9.681	59,5%	9.386	57,5%	10.266	59,7%
Norte Portugal	6.315	77,7%	12.409	84,7%	14.913	79,7%	18.504	82,0%
Eurorrexión	13.728	71,0%	22.090	73,7%	24.299	71,1%	28.770	74,0%
España	151.487	61,1%	215.676	60,7%	203.302	60,6%	215.745	61,7%
Portugal	25.529	79,3%	47.882	84,4%	46.711	81,0%	54.995	81,7%
UE-27	1.786.335	58,2%	2.121.888	59,9%	2.343.259	62,7%	2.682.346	63,5%
Eurozona	1.485.764	56,6%	1.772.751	58,5%	1.950.168	61,4%	2.208.251	61,7%

Fonte: Eurostat

Atendendo á súa distribución segundo sector, un primeiro elemento a salientar é o menor peso relativo do sector empresarial na Eurorrexión en comparación con Europa. En 2017 case seis de cada dez traballadores nas actividades de I+D no conxunto dos países da eurozona e da UE-27 pertencen ao sector empresarial fronte aos 4,5 de cada dez na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Pola contra, as entidades de ensino superior presenta representa na Eurorrexión o 47,8% deste emprego e en torno ao 28% no caso da UE-27 e os países da zona euro.

Comparando a situación existente en Galicia e no norte de Portugal, o sector privado mantén un peso similar, se ben o norte de Portugal caracterízase polo maior peso das entidades de ensino superior, que acollen ao 52% dos traballadores en actividades de I+D nese territorio fronte ao 40,2% no caso galego. Por contra, o emprego público (goberno) en Galicia supón o 14,5%, case cinco veces máis que no norte de Portugal (3,1%).

Dende o comezo da crise económica Galicia experimentou unha importante medra da importancia relativa do emprego no sector privado, pasando dende o 36,7% no ano 2008 ata o 38,4% no conxunto do ano 2013, aumentan-

Emprego total a tempo completo en actividades de I+D. Distribución segundo sector.



Fonte: Eurostat

do posteriormente ata os devanditos 45,3% do último ano analizado. Pola contra, en ambos os dous períodos de tempo redúcese o peso do emprego tanto no caso do sector gobernamental como en maior medida, nas entidades de ensino superior. Por contra, a rexión norte de Portugal experimenta entre os ano 2008 e 2013 un incremento da importancia relativa da entidades de ensino superior mentres que coa recuperación económica, a diferenza do que acontece en Galicia, aumenta o peso do emprego no sector público.

Investigadores ocupados a tempo completo en actividades de I+D. Distribución segundo sector.



Fonte: Eurostat

En termos relativos, dende o ano 2011 Galicia presenta o nivel máis baixo de traballadores en actividades de I+D por cada mil persoas activas en comparación con Europa, España, Portugal e a rexión norte de Portugal. No ano 2017 Galicia contaba con 82,2 persoas traballadoras nestas actividades por cada dez mil activos fronte ás 101 do norte de Portugal, superando as 129 persoas no caso da Unión Europea. Asemade, centrándose na Eu-

Persoas traballadoras e investigadores en actividades de I+D por cada dez mil activos

Total traballadores a tempo completo por cada dez mil activos



Investigadores a tempo completo por cada dez mil activos



Fonte: Eurostat

rorrexión, cómpre salientar que dende o devandito 2011 aumenta a brecha entre Galicia e o Norte de Portugal, acadando o diferencial máximo en 2017, con 18,7 puntos menos fronte aos 15,6 puntos do ano anterior.

No período 2008-2013 tanto España como Galicia presentan unha redución deste indicador, pasando de 73,6 a 72,7 persoas ocupadas por cada dez mil activos en Galicia e de 94,1 a 88,2 persoas no caso de España. Por contra, no norte de Portugal o incremento foi de 16,3 puntos, superando os dez no ámbito europeo. Do mesmo xeito, na recuperación económica o incremento en Galicia e España é significativamente inferior ao rexistrado na rexión norte de Portugal, que acada en 2017 os devanditos 101 ocupados por cada dez mil activos fronte aos 80 do ano 2013 (en Galicia pásase de 72,1 a 82,2 persoas ocupadas por cada dez mil activos).

Se o que se considera é o número de investigadores nestas actividades, a brecha entre Galicia e o norte de Portugal non só comeza antes (2008) senón que esta é significativamente máis acusada que no conxunto de persoas empregadas nas actividades de I+D. No ano 2017 Galicia contaba con 49,1 investigadores por cada dez mil activos fronte aos 82,8 persoas no caso do norte de Portugal, que nese último ano supera a rateo correspondente á UE-27. Ao igual que sucedía no caso total de persoas traballadoras en actividades de I+D, no período de crise Galicia presenta unha redución da relación entre investigadores e poboación activa, pasando de 43,8 a 41,8 investigadores por cada dez mil activos, o que contrasta cono importante incremento no norte de Portugal (pasa de 54 a 63,8 investigadores por cada 10.000 activos). Coa recuperación este indicador mellora en ambas as dúas rexións, sendo significativamente máis acusada no norte de Portugal (7,3 e 19 puntos, respectivamente).

No concernente aos sectores de alta tecnoloxía, tanto no sector manufactureiro como en servizos intensivos en coñecemento, Galicia e a rexión norte de Portugal presentan unha ocupación inferior á media europea e á dos seus países. No ano 2019 o 3,1% da poboación ocupada galega e o 2,6% das persoas ocupadas no norte de Portugal o estaban nestes sectores, cando a media europea e dos países da zona euro ascendía ata o 4,1%. No conxunto do período 2008-2019 na Eurorrexión o incremento desta rateo é sensiblemente superior ao experimentado no ámbito europeo.

Non obstante, tendo en conta que a crise do ano 2008 afectou de xeito importante ao sector industrial, entre os anos 2008 e 2013 redúcese o peso relativo do emprego nos sectores manufactureiros de alta tecnoloxía tanto en Galicia como na rexión norte de Portugal, permanecendo constante

Emprego en sectores de alta tecnoloxía (manufactureiros e servizos intensivos en coñecemento)

	(% pob. ocupada)			(variación entres ambos anos)		
	2008	2013	2019	08-13	13-19	08-19
Galicia	2,2	2,7	3,1	0,5	0,4	0,9
Norte de Portugal	1,6	2,0	2,6	0,4	0,6	1,0
España	3,3	3,7	3,7	0,4	0,0	0,4
Portugal	2,3	2,5	3,2	0,2	0,7	0,9
UE-27	3,6	3,8	4,1	0,2	0,3	0,5
Eurozona	3,7	3,9	4,1	0,2	0,2	0,4

Industria manufactureira

	(% pob. ocupada)			(variación entres ambos anos)		
	2008	2013	2019	08-13	13-19	08-19
Galicia	0,4	0,2	0,4	-0,2	0,2	0,0
Norte de Portugal	0,7	0,4	0,5	-0,3	0,1	-0,2
España	0,6	0,7	0,6	0,1	-0,1	0,0
Portugal	0,6	0,5	0,4	-0,1	-0,1	-0,2
UE-27	1,1	1,1	1,1	0,0	0,0	0,0
Eurozona	1,1	1,1	1,1	0,0	0,0	0,0

Servizos intensivos en coñecemento

	(% pob. ocupada)			(variación entres ambos anos)		
	2008	2013	2019	08-13	13-19	08-19
Galicia	1,8	2,5	2,7	0,7	0,2	0,9
Norte de Portugal	0,9	1,6	2,2	0,7	0,6	1,3
España	2,7	3,1	3,1	0,4	0,0	0,4
Portugal	1,6	2,0	2,8	0,4	0,8	1,2
UE-27	2,5	2,7	3,0	0,2	0,3	0,5
Eurozona	2,6	2,7	3,0	0,1	0,3	0,4

Fonte: Eurostat

na UE-28 e na zona euros. Neste mesmo período de tempo os sectores de servizos intensivos en coñecemento presentan unha medra superior tanto á dos respectivos países como a Europa. Coa recuperación económica aumenta lixeiramente a porcentaxe de poboación ocupada nos sectores da industria manufactureira, manténdose o incremento no sector servizos.

4- Principais indicadores da innovación

A análise da situación da innovación na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal realízase a partir dos datos relativos ao índice rexional de innovación elaborado pola Comisión Europea. A partir de 17 indicadores rexionais correspondente a 238 rexións de toda Europa, a Comisión clasifícaas en catro grandes grupos: innovadoras líderes (38 rexións), innovadoras fortes (29), innovadoras moderadas (98) e innovadoras modestas (29). Mentres que Galicia se sitúa no último ano como unha rexión innovadora moderada, e dentro destas dentro do terzo inferior, a rexión norte de Portugal está considerada como innovadora forte, englobándose no terzo inferior deste grupo.



Fonte: Comisión Europea, Regional Innovation Scoreboard 2019

Os datos recollidos no índice de innovación correspondentes á edición de 2019 reflicten que Galicia está perdendo posicións respecto ao conxunto de rexións europeas a diferenza do acontecido no caso da rexión norte de Portugal. No último ano Galicia cae da posición 162 ata a 189, o ranking máis reducido das últimas cinco análises, mentres que o norte de Portugal mellora considerablemente nesta clasificación ocupando o posto número 100 no último ano fronte ao 129 do ano anterior. Segundo os valores do índice de innovación, Galicia considérase como unha rexión innovadora "moderada -" cando no informe anterior era considerada como "moderada", mentres que a rexión norte de Portugal mellora a súa consideración pasando de ser una rexión innovadora "moderada plus" a unha rexión "innovadora forte -".

Tomando como referencia o valor da media europea en 2011, o índice de innovación ascende en Galicia ata os 58,3 puntos, o que supón unha medra de dous puntos e medio respecto a 2011. Este incremento contrasta significativamente co experimentado na rexión norte de Portugal, quen presenta unha medra de 13,8 puntos respecto ao ano 2011. No conxunto da unión Europea esta cambio é de 4,7 puntos.

Posición relativa de Galicia e Norte de Portugal respecto ás 238 rexións analizadas

	Unión Europea (UE-28) =100				UE-28 ano 2011 = 100		
	Galicia		Norte Portugal				
	Valor	Ranking	Valor	Ranking	Galicia	Norte Portugal	UE-28
2011	55,8	173	83,3	122	55,8	83,3	100,0
2013	58,5	165	81,7	128	59,3	82,7	101,2
2015	57,8	169	81,4	128	58,3	82,2	101,0
2017	59,9	162	80,7	129	61,1	82,4	102,0
2019	55,7	189	92,7	100	58,3	97,1	104,7
Incr. 19-11					2,5	13,8	4,7

(1) Total rexións analizadas 238

Fonte: Comisión Europea, Regional Innovation Scoreboard 2019

A análise dos distintos indicadores do índice de innovación permiten reflectir os puntos de mellora no perfil innovador en ambas as dúas rexións, así como observar o desigual comportamento en cada unha das rexións.

Rexións europeas segundo o índice rexional de innovación 2019



Fonte: Comisión Europea, Regional Innovation Scoreboard 2019

Tomando como referencia o cadro de indicadores para o ano 2019, o gráfico reflicte claramente as principais fortalezas e debilidades tanto de Galicia como do norte de Portugal en relación á Europa.

Dunha banda, a Comunidade Autónoma tan só presenta unha mellor situación relativa respecto a Europa no ámbito da cantidade de poboación con educación terciaria, situándose entre as 60 mellores rexións europeas (posto 55). Por contra, entre as súas principais feblezas están aquelas relacionadas coa xeración de innovación en calquera das súas modalidades (produtos, procesos, de mercado ou organizativas), así como o número de

solicitudes de deseño e do número de pemes innovadoras. En concreto, no caso da xeración de innovación (non investimento en I+D) ocupa o posto 212 das 238 rexións europeas analizadas, situándose no 195 no caso das solicitudes de deseño e 194 no de pequenas e medianas empresas innovadoras.

Dos dezasete indicadores seleccionados a rexión norte de Portugal presenta unha posición relativa superior á galegas en todos eles agás nos dous relativos á formación e no da colaboración entre pemes innovadoras. Os seus principais aspectos fortes son os relativos ao número de pemes innovadoras, cuxo índice o sitúa como a décima rexión europea máis importante, así como a xeración de innovación que non sexa I+D (posto 16), e máis en concreto da innovación en produtos e procesos (15), e o concernente ao número de solicitudes de marcas e deseño (19 e 25, respectivamente).

Comparación de indicadores innovación Galicia – Norte Portugal.



Fonte: Comisión Europea, Regional Innovation Scoreboard 2019

Atendendo á evolución do valor do índice de innovación entre os anos 2019 e 2011, cómpre resaltar a mellora experimentada en Galicia no caso das publicacións científicas internacionais e da colaboración entre pemes innovadoras, rexistrándose as caídas máis acusadas no caso da innovación en procesos e produtos, solicitudes de deseño e do número de empresas innovadoras. Na rexión norte de Portugal cómpre resaltar o importante ascenso experimentado no caso da xeración de innovación (non I+D), tanto na modalidade de produtos e procesos como o relacionado con aspectos de mercado e organización, e en maior medida no de solicitudes de marcas e publicacións científicas internacionais. No lado oposto, pódese resaltar que empeora o índice no caso da formación continua, a colaboración entre pemes innovadoras ou o número de solicitudes de deseño.

Por último, cómpre mencionar que fronte ao incremento experimentado no conxunto da UE no caso do indicador de volume de vendas de innovación como porcentaxe do volume de negocio (2,1 puntos), tanto a rexión norte de Portugal como Galicia rexistran unha redución do índice (16 e 13,6 puntos, respectivamente).

Índice rexional de Innovación 2019. Desagregación segundo indicadores

	Galicia			Norte Portugal			UE-28	
	Índice	Cambio 19-11	Ranking 2019	Índice	Cambio 19-11	Ranking 2019	Índice	Cambio 19-11
Poboación con educación terciaria	132,1	6,4	55	70,5	3,0	166	108,0	8,0
Educación continua ao longo da vida	87,1	-6,0	110	78,2	-25,8	138	102,0	2,0
Publicacións científicas internacionais	114,2	36,0	117	127,6	52,1	101	137,2	37,2
Publicacións científicas máis citadas	76,9	3,9	156	83,7	-8,9	141	105,7	5,7
Investimento público en I+D	80,1	-7,1	136	101,7	20,5	82	102,6	2,6
Investimento empresarial en I+D	56,0	-5,3	166	75,2	4,4	123	107,7	7,7
Investimento innovación (non I+D)	51,3	-12,0	212	164,6	46,1	16	98,1	-1,9
innovadores en produtos e procesos	51,4	-23,4	189	157,5	33,8	15	100,5	0,5
Innovadores en marketing e organización	60,1	-9,4	185	111,3	13,4	72	90,8	-9,2
Número de pemes innovadoras	45,6	-16,5	194	162,5	32,4	10	100,0	0,0
Colaboración entre pemes innovadoras	85,8	26,1	114	71,2	-19,7	133	106,3	6,3
Publicacións público-privadas	38,2	-0,9	173	44,5	-10,1	162	104,8	4,8
Solicitude de patentes	27,1	1,8	172	38,0	6,8	148	94,3	-5,7
Solicitude de marcas	110,9	5,9	89	192,8	95,1	19	122,3	22,3
Solicitude de deseño	33,1	-19,6	195	131,2	-51,6	25	96,6	-3,4
Emprego en ind. manufact alta tecnoloxía e servizos intensivos en coñecemento	72,6	5,4	171	74,5	25,6	168	111,9	11,9
Vendas de innovación como porcentaxe do volume de negocio	77,1	-13,6	154	91,4	-16,0	103	102,1	2,1
Índice de innovación	58,3	2,5	189	97,1	13,8	100	104,7	4,7

Fonte: Comisión Europea, Regional Innovation Scoreboard 2019

III- COMENTARIO

O FÚTBOL PROFESIONAL EN GALICIA: UN SECTOR ECONÓMICO EN AUXE

JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ SANTOS
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Á forte implantación social do fútbol como deporte de masas, hai que engadir a súa crecente dimensión económica, que sitúa a este deporte profesional como un dos sectores máis potentes da industria do entretemento. Galicia non é allea a esta realidade e conta con varias empresas que, baixo a fórmula xurídica de Sociedades Anónimas Deportivas (SAD), conforman un sector económico en auxe que mostra un gran dinamismo. Avaliar a relevancia destas SAD esixe mirar máis aló do valor das magnitudes coas que tradicionalmente se mide o peso dunha empresa ou dun sector nunha economía. Estas firmas non son meras "fábricas de entretemento", senón que constitúen un activo con efectos socioeconómicos significativos para as súas cidades de referencia.

Dimensión económica e social do fútbol

O deporte profesional entendido como espectáculo consolidouse como un subsector da industria do lecer. A produción deste espectáculo está dominada pola lóxica económica ou dos negocios e afronta unha problemática similar á de calquera outra industria, aínda que ao mesmo tempo ten unha serie de peculiaridades que, sen dúbida, outórganlle un carácter singular como actividade empresarial que se desenvolve no marco do sector do entretemento.

En España en xeral e en Galicia en particular, o fútbol profesional é claramente o deporte hexemónico, tanto no que se refire á súa dimensión económica como á súa relevancia social.

De acordo co informe económico da Liga de Fútbol Profesional (LFP) correspondente á tempada 2017-18, os ingresos totais de LaLiga (que aglutina aos 42 clubs que compiten na primeira e segunda división) ascenderon a 4.479 millóns de euros, o que supón un incremento dun 20,6 % respecto da tempada anterior. O crecemento total acumulado durante o período 2011-12 a 2017-18 foi do 100,9 % (fronte ao 16,1 % de crecemento da economía española).

Os resultados de explotación (EBITDA) de LaLiga alcanzaron os 945 millóns de euros, o cal vén representar un crecemento que practicamente triplica ao do resto da economía nacional. Segundo os datos de KMPG Sports e da LFP, o peso económico do fútbol pasou do 0,69 % do PIB na tempada 2011-12 ao 1,02% en 2017-18. Estas cifras sitúan ao fútbol profesional como a máis potente industria do entretemento e unha das máis dinámicas.

Por outra banda, unha porcentaxe significativa da poboación é simpatizante, afeccionada e ten vínculos emocionais con algún club de fútbol. De acordo co Barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas de xuño de 2014, o fútbol é o deporte que máis lle interesa ao 22,4 % da poboación e o segundo que máis interesa ao 20,6 %. Segundo unha enquisa do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) realizada no ano 2016, preto dun 90% dos cidadáns en España declárans-se afeccionados ao fútbol. Ademais, independentemente do seu interese polo fútbol, resulta significativo que o 67,4 % dos enquisados sente simpatía por algún equipo de fútbol profesional. Por riba, o fútbol é unha afección transversal, é dicir, é compartida por persoas de moi distinta profesión, clase social ou ideoloxía, co que reforza a integración cívica. De feito, o mesmo estudo do CIS constata que entre os individuos con maior poder adquisitivo, apenas hai un 4% menos de afeccionados ao fútbol que entre a poboación con menores recursos económicos.

Outro dato esclarecedor do seguimento do que é obxecto o fútbol profesional é a asistencia aos estadios. Na última tempada completa para a que se dispón de datos (2017/18), o número de persoas que asistiron a un partido de fútbol de LaLiga (nas dúas divisións) no estadio ascendeu a 14,3 millóns. Como dato adicional destacable, un recente estudo elaborado por Kantar Media -o medidor oficial de televisión en España- e a propia LFP revela que preto de 3,3 millóns de espectadores acoden ocasionalmente a locais de hostalaría para tomarse algo, mentres seguen pola televisión os partidos de LaLiga .

O sector do fútbol profesional en Galicia

Aínda que a día de hoxe, despois de confirmarse o descenso á segunda división B do Deportivo, permanecen únicamente dous equipos na Liga de Fútbol Profesional, nos últimos anos formaron parte da mesma con regularidade tres equipos (Real Club Celta de Vigo S.A.D., Real Club Deportivo da Coruña S.A.D. e Club Deportivo Lugo S.A.D.). Ademais, Pontevedra S.A.D. e Racing Club de Ferrol S.A.D. contan con senllos equipos que compiten habitualmente en segunda división B, categoría que ten un status semiprofesional. Trátase en todos os casos de Sociedades Anónimas Deportivas que, de acordo coa información da base de datos ARDAN, se encadrarían dentro do sector de Clubs Deportivos. Este sector está integrado por 20 empresas que no exercicio 2017 tiveron uns ingresos de explotación conxuntos de 155,16 millóns de euros, dos cales os clubs de fútbol profesional representan o 94,8 %, mentres que o Real Club Deportivo da Coruña e o Real Club Celta de Vigo o 92 %. Conxuntamente, estas empresas xeran 408 postos de traballo directos.

Un dato a ter en conta relativo a este tipo de empresas é que tanto a rendibilidade económica como a financeira sitúanse sistemática e significativamente por baixo de mediana das empresas galegas. Esta evidencia reforza a idea de que o obxectivo prioritario destas S.A.D. non é maximizar o beneficio económico, aspecto este que non se pode ignorar á hora de entender a racionalidade que está detrás dalgunhas das decisións que toman os seus xestores.

A diferenza do que ocorre coa rendibilidade, a produtividade, medida como Valor Engadido Bruto (VEB) por empregado, sitúase lixeiramente por encima da mediana das empresas galegas. É máis, a evolución das cifras deste sector revela un certo dinamismo que o levan a escalar postos no ranking sectorial por VEB. En concreto, en 2017, o sector de clubs deportivos, ascendeu ao posto 40 desde o 52 que ocupaba en 2016. Aínda así, o peso do sector no conxunto da economía galega, se se mide en termos de emprego directo (0,12 %), de ingresos (0,18 %) e do VEB (0,59 %) é bastante limitado.

Agora ben, as cifras de facturación e emprego de cada unha destas empresas non fan xustiza á súa verdadeira relevancia socioeconómica para a contorna urbana na que se sitúan, dada a capacidade do fútbol profesional para xerar actividade económica adicional en diversos sectores da economía local (restauración, transporte, aloxamento, medios de comunicación, etc.). Neste sentido, cabe sinalar que existe unha abundante literatura académica na que se investigou o impacto económico que xeran a construción de infraestruturas deportivas (estadios), a organización de mega-eventos deportivos ou a existencia de equipos profesionais nunha determinada cidade.

En principio, o devandito impacto traduciríase en beneficios tanxibles medibles en termos de creación de emprego, incremento da renda e, en última instancia, de aumentos da recadación fiscal. Porén, a evidencia derivada destas investigacións non permite concluír que exista un impacto económico neto significativo sobre o desenvolvemento económico local. Este tipo de estudos apunta na dirección de que, máis que creación neta de renda, o que se xera é fundamentalmente unha redistribución desta, tanto en termos intersectoriais como espaciais. A esta conclusión, adóitanse contrapor os resultados que arroxan consultoras como Price Waterhouse Coopers (PwC), que no seu estudo realizado para LaLiga referido á tempada 2016-17, conclúe que por cada euro de ingresos xéranse 4,2 adicionais no resto da economía. Ademais, segundo este mesmo estudo, por cada emprego directo xerado por LaLiga creáronse ao redor doutros catros postos de traballo en España.

O estadio: factor de desenvolvemento urbano

No marco da análise do impacto socioeconómico do fútbol profesional, unha das cuestións que merecen atención é a potencial incidencia das infraestruturas nas que se disputan os partidos (estadios) no desenvolvemento urbano e no benestar local. No caso de Galicia, trátase de infraestruturas de tamaño considerable que teñen importantes aforos. Por exemplo, o estadio Abanca-Riazor na Coruña ten

capacidade para 32.660 espectadores mentres que o estadio Abanca-Balaídos en Vigo conta con 29.000 localidades. En canto ás cifras de asistencia, na tempada 2018-19 asistiron ao estadio de Riazor 350.783 persoas (o máximo sitúase na tempada 2012-13 con 559.000), 334.454 a Balaídos e 75.026 ao Anxo Carro de Lugo.

Á luz destas cifras, a construción e existencia de instalacións deportivas como as mencionadas, pode ter incidencia no benestar global da cidade na que se sitúan así como na súa distribución espacial. O deporte profesional é un dos servizos de entretemento con máis visibilidade e con maior repercusión social nos países industrializados. Presenciar deporte profesional en vivo ao máximo nivel (como é o caso da liga profesional en España) está reservado a un limitado número de cidades (case en exclusiva ás de maior tamaño). Ademais, a asistencia en directo a eventos de deporte profesional pode considerarse como un ben que se caracteriza por non ter sustitutivos próximos entre outros bens ou servizos de entretemento que ofrece o mercado. Este trazo débese en gran medida a que a satisfacción que se deriva do consumo deste ben está asociada ao consumo conxunto con outros afeccionados.

Así pois, vivir preto dunha instalación deportiva na que se disputan competicións de deporte profesional posibilita o acceso a unha forma de entretemento cunhas características tales que o dota de potencial para promover o desenvolvemento urbano na cidade que conta coa devandita instalación. Avaliar o papel deste tipo de infraestruturas deportivas como instrumento de desenvolvemento urbano non é unha cuestión banal e axuda a entender a controversia que de xeito recorrente xorde sobre o papel das administracións públicas locais no apoio á construción, remodelación e mantemento destas infraestruturas. Non en balde, os estadios do tres clubs galegos de LaLiga son de titularidade pública.

Intanxibles: sen prezo pero valiosos

Independentemente de que os estudos de carácter máis académico cuestionen a magnitude dos efectos sobre o desenvolvemento económico local do deporte profesional, profundar no impacto socioeconómico do fútbol profesional esixe ir máis aló dos efectos máis tanxibles. En efecto, considerar a un club de fútbol simplemente como unha "fábrica de entretemento", ocultaría o feito de que non só ofrece un entretemento do que desfrutan os que pagan por el, senón que, asociados ao espectáculo deportivo que supón a disputa dun partido de fútbol, xéranse unha serie de subprodutos con potenciais efectos externos sobre o benestar dos residentes na cidade anfitrioa do equipo.

Por exemplo, os residentes poden seguir ao equipo a través da prensa e ver os partidos na televisión, sen asistir en directo aos estadios. Un equipo tamén proporciona un tema de conversación cos compañeiros de traballo, a familia, os amigos, os veciños e mesmo con descoñecidos. Estas conversacións, ademais da satisfacción que xeran, facilitan as relacións sociais e poden desempeñar un papel relevante como factores de inclusión e cohesión social. Por outra banda, un gran número de afeccionados viven intensamente os partidos dos seus equipos e

participan das celebracións colectivas dos seus éxitos.

O certo é que cando unha cidade conta cun equipo cunha traxectoria destacada nun deporte con forte implantación social, ese equipo adoita ocupar un lugar importante nas vidas dos cidadáns, e iso aínda que a maioría non asista aos partidos. Así, os éxitos deportivos do club impulsan a proxección externa da cidade, a reforzar o orgullo de pertenza a unha comunidade, a desenvolver a conciencia de identidade local-rexional ou a aumentar a autoestima colectiva (orgullo cívico).

Un equipo que compite na liga dun deporte con altos índices de popularidade entre a poboación, como é o caso do fútbol, recibe atención dos medios tanto a nivel nacional e internacional, o cal afecta positivamente ao prestixio e á imaxe exterior da cidade, cos consecuentes efectos favorables que diso se poden derivar para a economía local. Esta repercusión nos medios é un factor que, ademais de ser unha forma de publicidade gratuíta, favorece a identificación do equipo coa cidade. Dita identificación, á súa vez, pode contribuír a que determinadas cidades, sobre todo de tamaño medio, gocen dun recoñecemento e distinción que, dificilmente poderían alcanzar por outras vías.

Dado que o número de equipos nunha liga profesional é limitado, hai máis cidades que desexarían ter un club das que realmente poden. Desde esta perspectiva, un equipo de fútbol profesional sería un atributo xeográfico e cultural específico a nivel local que ofrece unha alternativa de lecer distintiva, contribuíndo así a que unha cidade aumente o seu atractivo como lugar de residencia. Nun contexto destas características, os residentes dalgunhas cidades con equipos profesionais que obteñen éxitos nalgún deporte profesional cunha ampla repercusión social participan da idea de que estes equipos outórganlle un status privilexiado como unha cidade de "primeira división".

Entre as externalidades vinculadas ao fútbol tamén se incluiría o denominado efecto demostración. Este fai referencia a que os éxitos, tanto de deportistas como de equipos profesionais, ademais de impulsar a imaxe no exterior e reforzar a identidade comunitaria, tamén fomentan a participación deportiva activa, o cal, á súa vez, pode ter incidencia nunha mellora de aspectos tales como a produtividade ou a saúde da poboación.

Os economistas catalogan todos estes aspectos como externalidades de consumo positivas que, aínda que non teñen prezo si teñen un indubidable valor. Un denominador común a este tipo de subprodutos asociados ao deporte profesional é que non existe rivalidade nin posibilidade de exclusión no seu consumo. Isto significa que se benefician da súa existencia todos os que o desexen (non só os afeccionados que asisten ao estadio), é dicir, están dispoñibles para todos sen que ninguén deba pagar un prezo polo seu desfrute. En suma, ningún dos valores dos mencionados beneficios intanxibles queda rexistrado nunha transacción de mercado e, polo tanto, non reverten no equipo que os xera a través das canles de ingresos tradicionais. Así pois, habería que ter en conta a cuantificación monetaria destes efectos externos positivos á hora de valorar na súa xusta medida o papel socioeconómico do fútbol profesional en determinadas comu-

nidades.

Obviamente, non todo son repercusións positivas. Nunha análise custo-beneficio tamén deben incluírse os efectos externos negativos asociados ao fútbol, tales como conxestións de tráfico, ruído, contaminación ou violencia entre afeccións. Este tipo de efectos inciden desfavorablemente na calidade de vida dos residentes nunha determinada área urbana, non só daqueles consomen o produto deportivo. No entanto, en termos xerais, incluso as persoas non interesadas no fútbol adoitan admitir que ter un equipo profesional na elite é un importante activo para a cidade que o alberga.

Un xerador de identidade social

O seguimento do club, a implicación emocional dos residentes co equipo e, en particular, a asistencia aos partidos que disputa, xera efectos sociais de diversa índole. Por unha banda, permítelle á persoa integrarse nunha comunidade máis ampla (explorar novas relacións sociais á vez que se fortalecen as existentes, interactuar con persoas que comparten os mesmos intereses, etc.). Doutra banda, todo isto contribúe a xerar un sentimento de pertenza máis arraigado á comunidade da que o individuo forma parte.

Na práctica, os seguidores dun equipo a miúdo comparten as súas experiencias interactuando de diversos xeitos con outros membros do grupo. Por exemplo, a asistencia aos partidos proporciona un contexto especialmente favorable para que os individuos participen dunha experiencia de lecer compartida na que a presenza doutros é un factor crucial. Á súa vez, a construción e fortalecemento de lazos significativos entre os individuos inflúe positivamente nos niveis de satisfacción que se derivan deste tipo de experiencias.

En suma, algúns equipos de fútbol convertéronse en institucións cun forte arraigamento na súa comunidade e acaban actuando como unha especie de "áncora social". Isto significa que constitúen un tipo de institución ao redor da cal os socios, afeccionados, simpatizantes e cidadáns en xeral, entran en contacto e desenvolven redes sociais, así como identidade comunitaria. Este tipo de efectos sociais, en última instancia, pode influír positivamente nos niveis de benestar subxectivo (felicidade) que experimentan os cidadáns.

Evidencia de efectos intanxibles

A modo de exemplo ilustrativo, os resultados de recentes estudos realizados para o caso do Deportivo e a cidade da Coruña (Castellanos e Sánchez-Santos, 2019) suxiren a existencia dunha relación significativa entre os efectos externos asociados á actividade do club e os indicadores de felicidade e de percepción sobre a calidade de vida da poboación. Unha porcentaxe importante da poboación vive intensamente a marcha do equipo e esta é un tema recorrente de conversación. Ademais, tanto os cidadáns do propio municipio como da área metropolitana valoran positivamente a contribución do equipo ao estímulo do orgullo cidadán e á mellora da imaxe externa da cidade.

Estes resultados son consistentes coa hipótese de que a presenza dun equipo profesional nunha determinada contorna urbana xera beneficios intanxibles rele-

vantes para o benestar da poboación de referencia.

Todos estes datos apuntan na dirección de que o "consumo de fútbol" desempeña un importante papel como forma de entretemento na sociedade galega. O fútbol ocupa unha parte significativa do tempo de lecer dun gran número de cidadáns. De feito, o compromiso e a implicación emocional do individuo co deporte, se os comparamos con calquera outra expresión dos bens culturais, teñen elementos diferenciais. Esta singularidade probablemente afunde as súas raíces na base antropolóxica do deporte e faise especialmente evidente nas implicacións psicolóxicas que os individuos experimentan en relación cos eventos deportivos.

Dada a importancia da existencia e supervivencia dos equipos de fútbol profesional para as súas cidades de referencia e apelando ao impacto económico e social antes mencionado, en varias ocasións demandouse desde diversas instancias o apoio das administracións públicas. Neste sentido, aínda que a análise custo-beneficio da existencia dun equipo para unha cidade arroxe un saldo positivo (condición necesaria), iso non é condición suficiente para xustificar as axudas públicas a este sector. Entre outras razóns porque ditas axudas teñen un custo de oportunidade e poderían ter outros destinos prioritarios.

Implicación do sector empresarial no fútbol galego

No caso de Galicia, resulta salientable a implicación de axentes do sector privado que lideraron iniciativas para garantir a sustentabilidade económica e financeira dos equipos de fútbol galegos, sobre todo cando estes atravesaron por situacións críticas que supuxeron serias ameazas para a súa supervivencia como empresas. Sirvan unhas breves notas sobre a situación das sociedades anónimas deportivas galegas para ilustrar este feito.

O Celta, conta co empresario Carlos Mouriño como máximo accionista (con máis do 58 % do capital) e é unha entidade que parece estar consolidada economicamente. A sustentabilidade do proxecto deportivo aválaa o feito de que no últimos seis anos xerou beneficios de forma recorrente. De feito, cuns ingresos de 105 millóns de euros, a tempada 18-19 pechouse cuns beneficios de 36 millóns de euros e o orzamento para a tempada 2019-20 foi o máis alto da súa historia con 87 millóns.

Para o Deportivo, o dato recente máis relevante é que a entidade bancaria Abanca fíxose co control efectivo do club cunha tripla ampliación do capital social do equipo de fútbol. O banco converteu en accións dous créditos, de 35 millóns de euros en total que concedera ao Deportivo para reflotar as súas contas. Con este tipo de apoio a entidade pretende asegurar a supervivencia económica e deportiva do club que actualmente atravesa por unha das situacións máis delicadas da súa historia.

No caso do Club Deportivo Lugo, foi en 2015 cando o capital privado se fixo co seu control e desde entón, os ingresos ordinarios do equipo de fútbol creceron de modo ininterrompido. Resulta especialmente destacable que o club encadea oito tempadas consecutiva en LaLiga SmartBank a pesar de contar cun dos orzamentos máis baixos da categoría.

O Racing de Ferrol pola súa banda pechou con perdas as contas da tempada 2018-19, pero mediante o esforzo do maior accionista da sociedade, o Grupo Elite, liderado por Ignacio Rivera, cubriuse do déficit evitando que a entidade entrase en causa de disolución. Por tanto, a entidade segue dispoñendo de recursos financeiros suficientes para cumprir coas súas obrigacións baixo o apoio do accionista maioritario que recoñece ter como obxectivo prioritario o devolver á entidade á liga de Fútbol Profesional.

O empresariado local tamén aposta polo Pontevedra C.F. Os maiores accionistas son Conservas Pescamar e unha agrupación empresarial do Salnés (Marabal, Meañomar e Investimentos e Xestións Alimentcias S.L.) En canto á viabilidade económica e financeira, cabe destacar que o club pechou os exercicios económicos de 2018 e 2019 con beneficios. Ademais nos últimos anos reduciuse considerablemente a súa débeda neta aumentando o valor do club.

Os efectos da pandemia

Os datos que se manexan no contido desta nota correspóndense co escenario pre-pandemia. O impacto inmediato da COVID-19 no sector do deporte está a ser dunha magnitude sen precedentes. Nalgúns aspectos, as consecuencias serán duradeiras, pero non supoñerán necesariamente unha ruptura que afecte á esencia do consumo e dos modelos organizativos do deporte entendido como espectáculo. A afección e a fascinación polos deportes continuará.

Loxicamente, no contexto desta crise sanitaria, se relativiza a importancia e transcendencia que unha parte importante da poboación confírelle ao deporte. Pero no momento en que se descubra a vacina ou haxa suficiente inmunidade natural, resólvase o problema de saúde e o público poida asistir con normalidade aos eventos deportivos, o máis probable é que non se comporte de modo moi diferente a como o facía antes da pandemia.

En definitiva, aínda recoñecendo os posibles efectos no curto prazo desta crise nos hábitos de consumo do afeccionado ao deporte, nada me fai pensar que o deporte entendido como espectáculo non siga ocupando unha parte significativa do tempo de lecer dun gran número de cidadáns e recobre a súa importante función social.

REFERENCIA

Castellanos, P. e Sánchez-Santos, J.M. (2019), "Sector público y deporte profesional", Papeles de Economía Española, nº 159, pp. 275-293

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

//ABANCA	ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR	Casal de Armán
civisglobal construimos entorno	COREN	CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Domusvi Cuidamos personas en buena compañía	Galuresa Algo más que gasolineras	HA Hierros AÑÓN, S.A.
Hijos de Rivera, S.L. Corporación	JEALSA	MEGASA
Naturgy	Grupo Nogar	PÉREZ RUMBAO
ReVi	Rodiñas	Rodman
Consorcio Zona Franca Vigo	Grupo de investigación GEN Universidade Vigo	



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2020

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es